

Ética persoal



Bo e malo, son principios absolutos?


«Para explicar o que entendemos por ben e por mal, podemos dicir que un obxecto é bo cando por si mesmo debe existir e malo cando por si mesmo debe non existir. Se está no noso poder facer que algo exista ou non exista, debemos tratar de facelo existir se é bo e non existir se é malo. Cando algo é bo, o apropiado é que coa súa existencia experimentemos pracer. Cando algo é malo, o apropiado é que coa súa existencia experimentemos dor. Pero todas estas caracterizacións presupoñen en realidade as ideas de ben e de mal, e conseguintemente só son útiles como medios para suscitar as ideas apropiadas e non como definicións lóxicas.

[...] A ciencia pode discutir acerca das causas do desexable e do rexeitable, así como dos medios para a súa realización, pero non pode conter ningún xuízo xenuinamente ético, porque se refire ao que é verdadeiro e falso.»

B. Russell, *Ensaio filosóficos*.

Cuestións sobre a lectura

- 1 Segundo este texto de Bertrand Russell, cal é a fonte do noso sentido do bo e do malo? É a razón? Son os sentimentos? Ou ben é o interese? Argumenta a túa resposta.
- 2  Como cres que se forma a conciencia moral? Consideras que é innata ou, pola contra, pensas que é froito da educación?
- 3  Se, segundo expón Russell no texto, o apropiado é que co bo experimentemos pracer, mentres que co malo suframos dor, sería moral buscar o propio pracer mediante un cálculo razoable do cumprimento dos nosos deberes?
- 4 Saber o que é bo e o que é malo abonda para garantir que os seres humanos teñamos un comportamento moral? Xustifica a túa resposta.



Páxina miniada das Cantigas de Santa María (Biblioteca do Mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, Madrid).

Ser e deber ser

1.1. Como debemos actuar?

O sentido do deber

Segundo pensa Kant, o comportamento dos seres humanos debe adecuarse á moral, porque o que nos diferencia dos demais animais é que en nós non coinciden xeralmente o que a razón comprende e o que a vontade quere.

Nos outros animais, esta disparidade non sucede, porque eles nacen cun código xenético que lles prescribe, de xeito instintivo, todos os seus comportamentos.

Non obstante, o ser humano desenvólvese como un **ser libre** que ten que decidir en cada momento entre o que comprende que é bo e a súa tendencia a deixarse levar polo malo.

Esta liberdade é a causa de que sexan necesarias normas morais racionais que, de xeito imperativo, nos obriguen e guíen as decisións da nosa vontade cara ao cumprimento do deber.

O obxectivo da moral é, pois, que as nosas accións se realicen en todo o posible **de acordo coa razón e obedecendo os seus mandatos**, en lugar de estar motivadas polos nosos impulsos.

Como o racional é racional para todos os seres humanos, o moral é actuar de modo que as nosas accións poidan resultar moralmente aceptables para todas as demais persoas.

De aí que Kant defina así o «imperativo categórico» da moral, que sexa, a norma fundamental que hai que seguir como resposta á pregunta sobre que debemos facer: «O que só segundo unha máxima [un modo de actuar] que poida valer ao mesmo tempo que se converta en lei universal».

Kant dálle tamén a este imperativo categórico outras formulacións. Por exemplo, esta: «Obra de modo que uses a humanidade, tanto na túa persoa coma na persoa de calquera outro, sempre como un fin e nunca simplemente como medio».

O primeiro que advertimos nestas fórmulas é que se trata dun **mandato imperativo**, non dun consello. É así porque o ser humano posúe, pola súa condición humana, unha vontade débil capaz de realizar todo tipo de comportamentos irracionais e inmorais.

Como dixemos antes, precisamente por ser libre, o ser humano pode elixir entre seguir os seus impulsos sensibles pola contra, deixarse guiar pola razón.

Por iso, a lei moral tense que expresar como **obriga incondicional** de que o individuo configure as súas accións de acordo co deber moral.

Na segunda fórmula, o imperativo categórico implica o coñecemento dos demais seres humanos como **suxeitos morais**, é dicir, como persoas para as que a lei moral debe valer o mesmo que para «a nosa persoa», e esta condición esixe o respecto á súa dignidade.

Textualmente

«O recordo da froita prohibida é o máis antigo que hai na memoria de cada un de nós, así como na da humanidade. Percibiríamolo mellor se non fose porque este recordo encóntrase recuberto por outros que preferimos evocar no seu lugar. Que non sería a nosa infancia se se nos deixase facer! Voariamos de pracer en pracer. Pero velaquí que xurdía un obstáculo, nin visible nin tanxible: unha prohibición. Por que obedecemos? A cuestión case nin se formulaba: afixerámonos a escoitar os nosos pais e mestres, se ben eramos conscientes de que iso debíase a que, en efecto, eran os nosos pais e eran os nosos mestres. Polo tanto, aos nosos ollos a súa autoridade procedía menos de si mesmos que da súa situación respecto a nós. Ocupaban certa posición e era de aí de onde procedía o seu mandato, cunha forza e un poder de persuasión que non terían se se situasen en calquera outra parte. Noutras palabras, os nosos pais e mestres parecían actuar por delegación. Entón non o percibiamos con claridade, pero tras eles adiviñabamos algo enorme ou, máis ben, indefinido, que pesaba sobre nós con toda a súa forza a través da súa mediación. Máis tarde diriamos que é

a sociedade. Reflexionando sobre ela, comparariámola a un organismo cuxas células, unidas por lazos invisibles, subordinánanse unhas ás outras nunha xerarquía sabia e sométese ao modo natural, en beneficio do todo, a unha disciplina capaz de esixir o sacrificio da parte. Non se trata máis que dunha comparación, xa que unha cousa é un organismo sometido a leis necesarias e outra distinta unha sociedade constituída por vontades libres; pero, desde o momento en que estas vontades se organizan, imitan un organismo e neste organismo, máis ou menos artificial, o hábito ten o mesmo papel que o que ten a necesidade nas obras da natureza».

H. Bergson, *As dúas fontes da moral e da relixión*, cap. 1.

- 1 Analiza no texto as razóns polas que durante a infancia se obedece ás persoas adultas. Saberías racionalizar esa explicación da obediencia coa referencia inicial que se fai no texto a Adán e a Eva, e á súa relación con Deus?
- 2 Explica a comparación que propón Bergson entre organismo e a sociedade.

① Ser e deber ser

Esta segunda formulación do imperativo categórico pon de manifesto de forma máis clara que a universalidade do imperativo categórico non consiste en poñer de acordo a todos os seres humanos sobre un fin a perseguir (a felicidade, por exemplo), senón só en recoñecer a dignidade humana, tanto a propia coma a das demais persoas.

Legalidade e moralidade

Para Kant, o ser humano pode facer uso da súa razón para alcanzar bens obxectivos que o son por si mesmos, non porque satisfagan os desexos subxectivos ou as necesidades dos seres humanos.

O ser humano pode conseguir eses bens obxectivos porque é capaz de formular **xuízos «desinteresados»**, ou sexa, xuízos que non están obrigatoriamente subordinados aos desexos, ás necesidades materiais, aos impulsos...

Precisamente estes xuízos desinteresados son os **xuízos propiamente morais**, porque neles a razón é a que determina a vontade de xeito inmediato, en vez de permitir que o fagan os obxectos do desexo. A esta vontade determinada directamente pola razón Kant chámala unha «**vontade boa**».

Kant di, ademais, que só esta vontade boa é un ben en termos absolutos, xa que os demais bens (a intelixencia, as riquezas...) poden ser mal empregados, e esta posibilidade impide que se poidan considerar bens en sentido absoluto.

En cambio, a vontade boa si é un ben absoluto, porque **actúa unicamente obedecendo a lei moral**.

A condición para que a vontade boa sexa un ben moral é que actúe só por obediencia e por respecto á lei moral, por deber.

Agora ben, se o ser humano actúa conforme á lei moral, ou conforme ao deber, pero faino por medo, por coacción ou coa esperanza de obter beneficios, esa acción non é unha acción moral, ao non estar determinada directamente e de forma inmediata pola lei moral.

Esta distinción entre dous tipos de accións que son conformes ao deber, pero que teñen unha diversa validez moral, leva a Kant a diferenciar, de forma análoga, entre legalidade e moralidade, en función dos motivos que inspiran a acción moral:

- A **legalidade** é a **mera conformidade coa lei moral dunha acción** que se executa por outros motivos distintos do puro respecto á lei moral. Por exemplo, actúase por interese económico, para evitar algún dano...
- A **moralidade** é a **conformidade inmediata da vontade coa lei moral**, sen que interveñan nela outros motivos distintos.

1.2. Razón práctica e conciencia moral

Función da conciencia moral

Cando facemos o ben, sentímonos satisfeitos porque cumprimos o noso deber, aínda que iso supoña renunciar a algún posible pracer puntual en favor do esforzo e da disciplina.

Así pois, a moral sitúase nun terreo intermedio entre a impulsividade pura (propia dos demais animais) e a racionalidade absoluta (que sería propia duns supostos seres exclusivamente espirituais que non tivesen corpo nin impulsos sensibles, como, por exemplo, Deus ou os anxos).

Neste sentido di Kant que, para vivir moralmente, o ser humano debe superar os comportamentos impulsivos e analizar os seus desexos á luz da súa razón.

Para a realización dun comportamento moralmente bo, os seres humanos contamos coa **razón práctica** ou **conciencia moral**, que é a actividade mental pola que representamos a rectitude, ou a ausencia de rectitude, dunha decisión, dunha acción ou dunha omisión.

Textualmente

«O concepto de deber esixe da acción que concorde obxectivamente coa lei, e da súa máxima que respecte subxectivamente a lei como modo único de determinación da vontade por ela. E nisto fúndase a diferenza entre a conciencia de obrar conforme ao deber ou por deber, é dicir, por respecto á lei: o primeiro (a legalidade) é tamén posible se as inclinacións fosen soamente os motivos determinantes da vontade; o segundo (a moralidade), en cambio, o valor moral, só debe consistir en que a acción se faga por deber, é dicir, soamente por amor á lei».

I. Kant, *Crítica da razón práctica*, cap. 3.

- 1 Segundo se expón no texto, que entende Kant por deber moral?
- 2 Nega Kant neste texto todo valor moral aos sentimentos e ás inclinacións subxectivas? En consecuencia, só sería moral a acción que logra vencer un sentimento ou unha inclinación mediante a obediencia á razón?
- 3 No pensamento moral de Kant, contradínse a obediencia ao deber e a posibilidade de actuar con liberdade?

A razón práctica, que é unha capacidade que se adquire no proceso de socialización, é, pois, a facultade de facer xuízos ou valoracións morais e de comprender a obriga incondicional que impón o sentido do deber. Adóitase distinguir entre:

- Conciencia moral antecedente: precede á realización do acto, á decisión de actuar ou de non actuar. Percíbese como unha suxestión da razón a facer o ben.
- Conciencia moral consecuente: é posterior á realización da acción, á decisión de actuar ou á omisión de facelo e consiste nunha reflexión ou nun xuízo da razón sobre o que se fixo, sobre o que se decidiu ou sobre o que se omitiu.

Dos criterios morais absolutos á conciencia moral

Realizar o propio proxecto de vida, tanto no persoal coma no colectivo, representa o deber fundamental de todo ser humano e, en consecuencia, o criterio último para a valoración ética do bo e do malo.

Houbo épocas históricas nas que os criterios morais estiveron baseados nos mandamentos dunha determinada relixión. Actualmente, isto xa non é así, polo que non dispoñemos de solucións dogmáticas e válidas sen discusión para enfrontarnos aos problemas éticos, senón só de principios formais.

Esta situación xera a continua necesidade de reinterpretar os principios morais tradicionais co fin de que sexan aplicables ás novas condicións de vida.

Por exemplo, agora é posible concibir un ser humano nun tubo de laboratorio mediante as técnicas de reprodución asistida ou manter artificialmente a vida vexetativa do corpo tras a morte cerebral. Por iso, as decisións relativas ao nacemento e á morte volvéronse moito máis complexas.

Glosario

Conciencia moral: é a actividade mental pola que representamos a rectitude, ou a ausencia de rectitude, dunha decisión, dunha acción ou dunha omisión. A razón práctica ou conciencia moral adquirese durante o proceso de socialización. Mediante esta facultade podemos facer xuízos ou valoracións morais e comprender a obriga incondicional que nos impón o sentido do deber. Podemos distinguir entre a conciencia moral antecedente (que é previa á acción) e a conciencia moral consecuente (que é posterior á acción), consiste na reflexión sobre a acción.

Posto que na moral actualmente xa non se aplican criterios absolutos, as decisións éticas han de tomarse a partir do recoñecemento da variabilidade e da diversidade das regras e das normas que guían a conduta moral dos seres humanos.

Esta diversidade débese á aceptación da autonomía individual en relación coa moral, de modo que é o individuo quen debe decidir sobre o que é ou non é correcto en vez de limitarse a ter que obedecer un mandamento divino absoluto.

Debido a esta autonomía do individuo, a conciencia considérase a **norma última da moralidade**, consideración que implica a obrigatoriedade de aterse a ela no terreo práctico. A conciencia é principio de moralidade xustamente porque obriga.

Non obstante, non debe entenderse que se trata dunha obrigatoriedade subxectivamente entendida, senón que consiste nunha obrigatoriedade obxectivamente fundada polo **carácter eminentemente social da conciencia**.

Textualmente

«En todo sistema moral do que tivese noticia ata agora, puiden sempre observar que o autor segue durante certo tempo o modo de falar ordinario, establecendo a existencia de Deus ou realizando observacións sobre os quefares humanos e, de pronto, encóntrome coa sorpresa de que, en vez das cópulas habituais das proposicións: «é» e «non é», non vexo ningunha proposición que non estea conectada cun «debe» ou un «non debe». Este cambio é imperceptible, pero resulta, non obstante, da maior importancia. En efecto, en tanto que este «debe» ou «non debe» expresa algunha nova relación ou afirmación, é necesario que esta sexa observada e explicada e que ao mesmo tempo se dea razón de algo que parece absolutamente inconcibible, a saber: como é posible que esta nova relación se deduza doutras totalmente diferentes. Pero como os autores non usan polo común desta precaución, atreverei-me a recomendala aos lectores: estou seguro de que unha pequena reflexión sobre isto subvertería todos os sistemas correntes de moralidade, facéndonos ver que a distinción entre vicio e virtude nin está baseada meramente en relacións de obxectos nin é percibida pola razón.»

D. Hume, *Tratado da natureza humana*, II, sec. 1.

1 Cal é a diferenza entre «é» e «debe», segundo Hume?

2 Comenta o enunciado: «a distinción entre vicio e virtude nin está baseada meramente en relacións de obxectos nin é percibida pola razón».

1 Ser e deber ser

1.3. Moral, ética, metaética e filosofía dos valores

Distinción entre moral e ética

Coa palabra «**moral**» adóitase designar en filosofía o conxunto de costumes e de normas polo que debe rexerse o comportamento dunha persoa para que sexa xulgada moralmente boa.

En cambio, por «**ética**» enténdese a reflexión acerca de que se ha de considerar unha conduta boa e como hai que fundamentar os xuízos morais cando se aplican á distinción entre o ben e o mal.

A ética tamén se define como a ciencia dos principios da moral, sendo, pola súa banda, a moral a aplicación concreta destes principios nas accións humanas.

É unha realidade empírica que as morais foron e son moitas e moi diversas nas distintas épocas históricas e nas diferentes rexións do mundo. A pluralidade das éticas débese, en cambio, ás diferentes teorías que se propuxeron para explicar e para fundamentar cada unha das morais concretas.

Tanto a moral, que se move no terreo da realización práctica, coma a ética, que se refire ao plano da reflexión teórica, enfróntanse a situacións problemáticas nas que se require unha decisión:

- No caso da moral, sobre como actuar no ámbito práctico.
- Cando nos referimos á ética, sobre como fundamentar a acción boa no plano teórico.

A fundamentación teórica que proporciona a ética pode entenderse como a xustificación das normas e das valoracións morais (ética normativa), ou ben como a definición e a análise da idea do bo (fundamentación metaética).

Glosario

Moral: a palabra «moral» provén do latín *mos, mori*, que significa 'costume'. En filosofía désignase co concepto de moral o conxunto de costumes e de normas polo que debe rexerse o comportamento dunha persoa para que sexa considerada moralmente boa. A moral está constituída polos hábitos, os costumes, os valores, as normas e as accións que realizamos orientadas a conseguir o ben. Ás veces, pódese confundir coa ética, aínda que reservamos este termo para a reflexión filosófica sobre a moral. Moral oponse a inmoral (contrario ao ben) e a amoral (que non ten sentido do ben e do mal).

Ética dos valores

No século xx, algunhas teorías filosóficas sepáranse desta clasificación ao substituír a noción de ben pola noción de valor.

Nestas teorías, o **valor** defínese como un modo de ser obxectivo, simple e necesario que permite deseñar unha ética material dos valores resistente ao relativismo.

Para Max Scheler e para Nicolai Hartmann, por exemplo, dous dos pensadores máis representativos desta corrente da ética, o relativismo é unha ameaza seria que afecta as éticas do ben, posto que permite considerar o ben un simple obxecto de preferencias subxectivas.

A vantaxe, para estes autores, da súa noción de valor é que se trata dunha realidade anterior e independente das eleccións das vontades subxectivas dos individuos.

Así pois, o fundamento da ética constituiríao a **intuición inmediata dos valores e das súas relacións xerárquicas**, que son realidades metafísicas.

A filosofía en persoa



Max Scheler (1874-1928) foi un discípulo de Edmund Husserl, o inventor da fenomenoloxía, e aplicou este método filosófico ao ámbito emocional, máis alá do intelectual ao que se limitara o seu mestre. Mediante a fenomenoloxía descubrimos a existencia do mundo dos valores, que son esenciais puras e realidades materiais, intemporais e con validez absoluta.

Actividades

- 1 Cres que a obriga do cumprimento do deber inclúe a obediencia a leis inxustas? Trata de poñer algún exemplo que xustifique o que opinas ao respecto.
- 2 Explica a diferenza entre actuar seguindo os criterios de calquera relixión ou ben da conciencia moral.
- 3 En que se distinguen a moral e a ética?
- 4 Que novidade achega a ética dos valores? Que ameaza se intenta superar mediante esta doutrina?

As distintas respostas aos problemas éticos

2.1. Éticas consecuencialistas e éticas formais

Na historia da filosofía propuxéronse doutrinas éticas nas que se fai depender a valoración do bo e do malo dos fins prácticos ou das consecuencias que se derivan deles para a existencia humana (éticas consecuencialistas), mentres que outras vincúlana ao cumprimento da lei moral (éticas formais).

Ética eudemonista

Na antiga Grecia, Sócrates, Platón e Aristóteles formularon as primeiras éticas consecuencialistas. Segundo a ética eudemonista de Aristóteles, a **felicidade** é o ben supremo e a súa busca, o fin da acción moral.

Nesta ética crese que quen coñece e practica o bo é, por iso, feliz; ou sexa, a *eudemonía* (palabra grega que significa 'felicidade') é a consecuencia natural da virtude.

Polo tanto, obedecer as prescricións morais e someterse ás leis non só é o máis seguro, senón o único modo de conquistar a felicidade duradeira. Non é que se propoña o acatamento inxenuo e irreflexivo das leis, senón que se considera a súa obediencia unha esixencia do máis conveniente para a cidadanía.

A esta concepción da ética xa se intentou desde o estoicismo darlle unha xustificación metafísica, ao considerar que a virtude é o modo de comportamento que se axusta á razón e, polo tanto, que é conforme á natureza mesma do Universo.

Textualmente

«Se a felicidade é a actividade conforme coa virtude, é claro que é a que está conforme coa virtude máis perfecta, é dicir, a [da facultade] máis elevada. Xa se trate da intelixencia ou doutra facultade, e que esta facultade sexa divina ou o que hai máis divino en nós, a actividade desta facultade, segundo a súa virtude propia, constitúe a felicidade perfecta. E posto que cremos que o pracer debe estar asociado á felicidade, a máis agradable de todas as actividades conformes á virtude é, segundo opinión común, a que é conforme á sabedoría. Parece, pois, que a filosofía leva consigo praceres maravillosos tanto pola súa pureza coma pola súa duración».

Aristóteles, *Ética a Nicómaco*, X, cap. 7, 1177a.

- 1 Explica a conexión que establece Aristóteles neste texto entre sabedoría, virtude e felicidade.
- 2 Estás de acordo con esta afirmación: «a máis agradable de todas as actividades conformes á virtude é [...] a que é conforme á sabedoría»? Razoa a túa resposta.

Ética utilitarista

No **utilitarismo** considérase que o ben supremo é a utilidade, definida como «o maior ben para o maior número posible de persoas».

Para definir a utilidade, desde o utilitarismo considérase necesario, como criterio de toda acción, calcular e valorar a cantidade de pracer e de dor, de felicidade e de infelicidade, de satisfacción e de insatisfacción que se seguen dunha acción.

O único criterio racional de que dispoñemos para apreciar a moralidade dun acto é, polo tanto, a **consideración das consecuencias** que se derivan del para a felicidade humana.

A primeira formulación do utilitarismo por autores como Jeremy Bentham e como John Stuart Mill, nos séculos XVIII e XIX, tiña un claro carácter hedonista. Identificábase «utilidade» con «pracer» e con «felicidade».

Textualmente

«Os detractores do utilitarismo raras veces lle fan xustiza e recoñecen que a felicidade que constitúe o criterio utilitarista do que é correcto nunha conduta non é a propia do axente, senón a de todos os afectados. Entre a felicidade persoal do axente e a dos demais, o utilitarista obriga a aquel a ser tan estritamente imparcial como un espectador desinteresado e benevolente. Na regra de ouro de Xesús de Nazaret encontramos todo o espírito da ética da utilidade: "Compórtate cos demais como queiras que os demais se comporten contigo" e "amar os demais como a ti mesmo" constitúen a perfección ideal da moral utilitarista».

J. S. Mill, *O utilitarismo*.

- 1 Que dúas concepcións diferentes da felicidade teñen Aristóteles e o utilitarismo?
- 2 Que característica do utilitarismo destaca Mill ao referirse á «regra de ouro de Xesús de Nazaret»?

A filosofía en persoa



John Stuart Mill (1806-1873) foi, xunto a **Jeremy Bentham**, en cuxos principios filosóficos foi educado, unha figura destacada do utilitarismo. Segundo esta doutrina, o ser humano persegue o seu propio interese, que consiste en buscar o pracer e en evitar a dor, que constitúe a felicidade, aínda que non só a nivel individual, senón para o maior número posible de persoas.

2 As distintas respostas aos problemas éticos

No pasado século xx, no utilitarismo adoptáronse, en cambio, expresións máis complexas. A felicidade coa que se identifica a utilidade debe comprender tamén a satisfacción doutras capacidades de carácter social, estético ou existencial. Distinguese tamén entre:

- O **utilitarismo da regra**, segundo o cal o que hai que someter ao principio moral da utilidade é unha regra xeral de acción, non as accións individuais.
- O **utilitarismo da acción**, que sostén que unha acción concreta pode ser moral polas consecuencias no benestar para un maior número, aínda cando vaia en contra dalgunha regra xeral moral, como, por exemplo, «non mentir».

Ética formal kantiana

Fronte a estas teorías consecuencialistas, aparece outro modo de entender a ética, segundo o cal o ben defínese como mero obxecto da vontade ou das regras que a rexen; é dicir, **aténdese, ante todo, ás normas que rexen a vontade humana** en vez de ás súas consecuencias. Isto significa que o ben supremo é aquilo ao que a vontade tende en cumprimento de tales normas.

A concepción de Kant é formal porque parte de que existe a lei moral como un feito. Ou sexa, como algo constitutivo do humano, en toda sociedade existen normas e costumes morais.

Esta circunstancia permite unir a obriga moral á razón e considerala formal, universal e igualmente obrigatoria para todo ser racional.

Textualmente

«Só un ser racional posúe a facultade de obrar pola representación das leis, isto é, por principios; posúe unha vontade. Como para derivar as accións das leis se esixe razón, resulta que a vontade non é outra cousa que razón práctica. Se a razón determina indefectiblemente a vontade, entón as accións deste ser, que son coñecidas como obxectivamente necesarias, son tamén subxectivamente necesarias; ou sexa, que a vontade é unha facultade de non elixir nada máis que o que a razón, independentemente da inclinación, coñece como practicamente necesario, é dicir, bo».

I. Kant, *Fundamentación da metafísica dos costumes*, cap. 2.

- 1 Por que pensa Kant que a felicidade non pode ser ela mesma un deber?
- 2 Explica o que di Kant: «a vontade é unha facultade de non elixir nada máis que o que a razón, independentemente da inclinación, coñece como practicamente necesario, é dicir, bo».

2.2. Éticas da felicidade, da virtude e do deber

Natureza da felicidade

Dicía Pascal, filósofo francés do século xvii: «Todos os seres humanos, sen excepción, buscan ser felices, aínda que difiran nos medios que empregan para iso. A felicidade é o motivo de todas as súas accións, mesmo das que causan a perda.»

Tamén Aristóteles pensaba que o ser humano busca un benestar do que poida dicir que o satisfai plenamente. Esta necesidade de busca sucede a causa da imperfección humana, que necesita completarse mediante un determinado uso da liberdade. Así pois, a **felicidade non nos vén dada, senón que temos que conquistala**.

Nalgunhas correntes filosóficas antigas, as condicións da felicidade eran a saúde, unha boa fortuna e unha educación que garantise o éxito social.

Actualmente, moitas persoas pensan que tamén a comodidade, a seguridade, a saúde, o diñeiro, o poder e os praceres son condicións necesarias para a felicidade. Pero é iso certo?

Platón e Aristóteles consideraron que a felicidade é o **ben supremo**, e que os demais bens (o diñeiro, as honras, os praceres...) búscanse como medios para alcanzar a felicidade, a cal é un fin en si mesma. Noutras correntes filosóficas antigas seguiuase a inspiración de Aristóteles.

É preciso ter en conta, non obstante, que, como fin en si mesma, a felicidade deséxase, pero só se elixen os medios para alcanzala. Pódese, polo tanto, aspirar a ela, pero é posible que non cheguemos a conseguila, porque non depende da nosa decisión.

Por esa razón, Kant define a felicidade como «estar contento coa propia existencia». Agora ben, nada nos garante que logremos ser felices, nin sequera a moralidade, é dicir, comportarse moralmente ben, que só converte o ser humano en digno de ser feliz, pero non necesariamente o fai feliz.

Glosario

Felicidade: pódese definir como un estado de plenitude continuada, ligada á satisfacción dos nosos desexos máis fundamentais e ao feito, que non podemos controlar de todo, de realizar as nosas potencialidades como seres humanos. É a experiencia dun estado estable de alegría e de dita. Distinguese da **alegría**, pois esta é a exteriorización da felicidade, e da dita, en tanto que esta é un sentimento interior. Por outra parte, mentres que o pracer é puntual ou pasaxeiro, a felicidade debería ser permanente.

A **felicidade** pódese definir como un estado de plenitude continuada, ligada á satisfacción dos nosos desexos máis fundamentais e ao feito, que non controlamos de todo, de realizar as nosas potencialidades como seres humanos.

É un estado estable de alegría e de dita. Distínguese, polo tanto, da alegría, que é a exteriorización da satisfacción de vivir, e da dita, que é o sentimento interior da alegría, da que provén.

Tamén se diferencia do pracer, que é o efecto dunha satisfacción puntual dun desexo ou dunha necesidade. Mentres que o pracer é instantáneo ou pasaxeiro, a felicidade debería ser permanente.

En suma, a felicidade consiste nunha situación de riqueza interior e de cultivo da espiritualidade, de paz, porque os desexos están satisfeitos, e de harmonía persoal e coas demais persoas.

Nese sentido, a felicidade é o **ideal de realización máis completo posible** do ser humano.

Textualmente

«Acaso pensas que hai outra sabedoría distinta da verdade, na que se contempla e posúe o sumo ben? Todos estes homes que citaches e que perseguen obxectos tan diversos, todos desexan o ben e foxen do mal, e se se afanan por cousas tan diversas, é porque cada un ten un concepto distinto do ben. E así, o que desexa o que non debese desexar equivócase, aínda que realmente non o desexaría se non lle parecese bo. Unicamente non pode equivocarse o que nada desexa ou o que desexa o que debe desexar. Por conseguinte, en tanto que todos os homes desexan a vida benaventurada non erran. O erro de cada un consiste en que, confesando e proclamando que non desexa outra cousa que chegar á felicidade, non segue, non obstante, o camiño da vida que a ela conduce. [...] Se, pois, consta que todos queremos ser benaventurados, igualmente consta que todos queremos ser sabios, porque ninguén que non sexa sabio é benaventurado, e ninguén é benaventurado sen a posesión daquela verdade que chamamos sabedoría. E así como, antes de ser felices, temos gravada na nosa mente a noción de felicidade, posto que na súa virtude sabemos e dicimos con toda confianza, e sen dúbida ningunha, que queremos ser ditosos, así, tamén antes de ser sabios, temos na nosa mente a noción da sabedoría, en virtude da cal cada un de nós, se se lle pregunta a ver se quere ser sabio, responde sen sombra de dúbida que si, que o quere».

Agostiño de Hipona, *Do libre albedrío*, II, 9.

- 1 Que se entende neste texto por «sumo ben»?
- 2 Como entende Agostiño de Hipona a felicidade?

Sabedoría, virtude e felicidade

O **hedonismo** é a doutrina filosófica que insiste en que o **pracer** é o principal compoñente da felicidade.

O filósofo grego Epicuro, que foi o seu principal defensor, afirmaba, non obstante, que para que o pracer conduza á felicidade é precisa unha boa dose de sabedoría, pois hai que coñecer as necesidades do corpo e da alma para elixir satisfacer os desexos que verdadeiramente nos dan a felicidade. Ou sexa, hai unha sabedoría dos desexos que se funda nunha tarefa da razón.

Polo tanto, **non calquera pracer** fai feliz o ser humano. Os praceres que excitan excesivamente e que moven a alma ao gozo e á alegría levan consigo axitación e cambios no estado de ánimo que rematan creando dependencia e escravitude, e, polo tanto, non son capaces de producir unha situación de paz e de felicidade estable e duradeira. Esta felicidade só a produce o pracer como **ausencia de perturbacións e de dores**.

Só cando o corpo non está turbado por nada goza da plenitude do seu ser e coñece o pracer. Este feito suxire que este pracer, unha vez alcanzado nesa situación do corpo, experimentase no seu nivel máis elevado de perfección.

Por esa razón, Epicuro afirma que a duración non aumenta o pracer, e que se pode gozar dun modo pleno e total tanto nun día coma en cen anos.

Como son necesarias moi poucas cousas para coñecer a felicidade —non ter fame, nin sede nin frío; non padecer nin dor do corpo nin turbación da alma—, Epicuro multiplicaba as recomendacións de sobriedade, que era, por outra parte, o primeiro en practicar.

A filosofía en persoa



Epicuro (341-270 a. C.) foi un filósofo grego, seguidor do materialismo de Demócrito. Considera que o máximo ben ao que pode aspirar o ser humano é o pracer, pero non se refire preferentemente aos praceres dos sentidos, senón, sobre todo, aos praceres duradeiros e espirituais. Para gozar do pracer, hai que vencer os vans temores relativos ás divindades, que, aínda que existen, non se ocupan dos problemas humanos; e á morte, que, mentres vivimos, non existe, e cando morremos, non existimos. A filosofía é a arte do ben vivir e de conseguir a saúde do corpo e a paz da alma.

② As distintas respostas aos problemas éticos

Así pois, máis que unha busca de praceres sensibles intenciosos e pasaxeiros, a concepción epicúrea da felicidade como equilibrio corporal e como ausencia de dor e de turbación impón a moderación no referente ás satisfaccións.

Só **os desexos e as necesidades naturais** deben satisfacerse, o que significa liberarse das demais necesidades inútiles e de todos os desexos superfluos.

Imponse, polo tanto, a prudencia na elección do tipo de praceres dos que se vai gozar: o intelixente é renunciar aos praceres que no futuro van causar unha dor maior e resistir a dor que co tempo producirá un pracer mellor.

Textualmente

«E hai que calcular que, dos desexos, uns son naturais e outros vans. E dos naturais, uns, necesarios; outros, só naturais. E dos necesarios, uns son necesarios para a felicidade; outros, para o benestar do corpo; outros, para a vida mesma. Unha recta visión destes desexos sabe, pois, referir á saúde do corpo e á imperturbabilidade da alma toda elección ou rexeitamento, pois esta é a consumación da vida feliz. En orde a isto facémolo todo: para non sufrir nin sentir temor. [...] E por isto dicimos que o pracer é principio e consumación da vida feliz, porque o recoñecemos como ben primeiro e conxénito, [...] por iso mesmo non escollemos todos os praceres, cando deles se segue para nós unha incomodidade maior. E moitas dores considerámoas preferibles aos praceres se, por soportar tales dores durante moito tempo, sobrevennos un pracer maior. En efecto, todo pracer, por ter natureza innata, é bo, pero, sen dúbida, non todos son dignos de ser escollidos; da mesma forma, toda dor é un mal, pero non todas deben evitarse sempre. Convén xulgar todas estas cousas con xusta medida á vista do útil e do inútil. Pois usamos algunhas veces do ben como dun mal, e, ao revés, do mal como dun ben. [...]

Así, cando dicimos que o pracer é fin, non falamos dos praceres dos corruptos e dos que se encontran no gozo, como pensan algúns que non nos coñecen e non pensan igual, ou nos interpretan mal, senón de non sufrir no corpo nin ser perturbados na alma».

Epicuro, *Carta a Meneceo*.

- 1 Diferencia os diversos praceres que Epicuro distingue no texto.
- 2 Explica a opinión de Epicuro: «cando dicimos que o pracer é fin, non falamos dos praceres dos corruptos e dos que se encontran no gozo...senón de non sufrir no corpo nin ser perturbados na alma».

O deber e a dificultade de ser felices

Non obstante, posto que a natureza da felicidade é a de ser un estado permanente de perfecta e de completa satisfacción, hase de estimar que a felicidade é un **ideal** ao que só podemos aproximarnos parcial e temporalmente.

As dificultades da existencia, as desgrazas persoais e colectivas que poden sobrevirnos, a nosa fragilidade corporal, a loita do noso desexo de felicidade coas aspiracións das outras persoas, todos estes inconvenientes fan imposible lograr esa estabilidade continuada do benestar que define a felicidade.

Ademais, nunca é posible a satisfacción de todos os nosos desexos. Dició **Schopenhauer** que, na nosa vida cotiá, o domingo representa o aburrimiento, mentres que os outros seis días da semana son o desexo.

Esta apreciación de Schopenhauer significa que cando á fin se logra satisfacer un desexo, pronto nos aburre ter o xa alcanzado e entón xorde outro desexo, e logo outro, de modo que esta inquietude non nos deixa nunca ser felices.

Fronte a Epicuro, para **Kant**, a felicidade non ten a súa orixe na satisfacción dos instintos ou da parte animal do ser humano. Idealmente, a felicidade é o sumo ben como **síntese da vida virtuosa e da felicidade**.

Así pois, para Kant, a felicidade alcánzase dun modo limitado mediante o cumprimento estrito do deber, tal como se desprende da súa doutrina do imperativo categórico.

Agora ben, Kant observa tamén que nada garante neste mundo a **coincidencia de vida virtuosa (o cumprimento do deber) e felicidade**: as boas persoas non teñen asegurada a felicidade, senón que poden sobrevirles desgrazas, inxustizas e sufrimentos como ás malas.

Tampouco está garantida a coincidencia dos desexos e das tendencias do individuo cos acontecementos do mundo.

A filosofía en persoa



Arthur Schopenhauer (1788-1860) foi un filósofo alemán para o que todo o existente son meras representacións fugaces producidas pola esencia oculta do mundo: a vontade. O individuo non é dono do seu destino, senón escravo de querer-vivir, ou sexa, da vontade que hai nel. Esta interpretación leva a Schopenhauer a un pesimismo radical e a propoñer unha ética da renuncia.

Por iso, Kant opina que a felicidade non é de todo realizábel neste mundo. A natureza non se preocupa de que sexan satisfeitas as tendencias, as inclinacións e as volicións do ser humano. Nin tampouco esas necesidades, esas tendencias e eses desexos permanecen estables nun estado de satisfacción plena e de quietude.

Neste sentido, desde o **utilitarismo** subliñouse o feito de que na consecución da felicidade, non só son importantes as actitudes individuais e subxectivas, senón que, na medida en que depende de circunstancias e de condicións obxectivas, é preciso ter en conta o conxunto da sociedade e tratar de conseguir o cumprimento xeneralizado dunha **ética pública**.



Segundo o utilitarismo, a felicidade consiste no beneficio de toda a sociedade, do maior número de persoas posible.

Glosario

Metaética: disciplina filosófica relacionada coa ética na que se explican e se definen os supostos básicos e a fundamentación dunha teoría ética como a idea do bo e os demais conceptos fundamentais da ética. Para iso céntrase no estudo da linguaxe moral e na análise dos seus enunciados, dos seus supostos, dos seus sentidos..., co obxectivo de dilucidar a validez dos enunciados vinculados coa moral. Entre as principais teorías metaéticas hai que destacar o intuicionismo (George E. Moore) e o emotivismo (Alfred J. Ayer).

2.3. Éticas cognitivistas e non cognitivistas

A **metaética** é a reflexión filosófica sobre o que debe entenderse por un acto bo. Pódense distinguir nela dúas orientacións principais:

- As **teorías cognitivas**, nas que se afirma que é posible demostrar a bondade moral dunha acción por medios racionais. Entre elas cabe distinguir o intuicionismo e o descriptivismo.
- As **teorías non cognitivas**, segundo as cales non é posible. Así pois, hai que recorrer ao sentimento ou á intuición. Entre elas cabe distinguir o emotivismo e o prescritivismo.

Intuicionismo

Segundo George E. Moore, o concepto do bo, criterio fundamental de valoración ética, é indefinible. Só se sabe que é bo mediante unha intuición.

Pretender analizar o concepto do bo, descompoñéndoo en propiedades ou en características, sería tratalo coma se fose un obxecto material.

Así pois, segundo o intuicionismo, as verdades morais son coñecidas por **intuición** e por intuición sabemos que un acto bo é un acto moral.

Emotivismo

O emotivismo é a posición sostida por Alfred J. Ayer, quen considera que ningún enunciado moral ten valor cognoscitivo nin descriptivo.

Ao non se referir a nada verificable, os enunciados morais non son nin verdadeiros nin falsos. Son pseudoenunciados, que só expresan **os gustos persoais e os sentimentos morais** dos que os emiten.

A filosofía en persoa



George E. Moore (1873-1958) foi un filósofo británico que empregou a análise das expresións lingüísticas usadas na filosofía para descubrir o seu significado e para tratar de establecer a súa verdade ou a súa falsidade. Aplicou este método para analizar o concepto do bo, que non é unha realidade natural, unha propiedade das cousas. Os que así o consideran, incorren na «falacia naturalista», que consiste en derivar o que «debe ser» a partir do que «é»;

é dicir, en extraer prescricións morais a partir de descripcións naturais.

② As distintas respostas aos problemas éticos

Partindo de Ayer, Charles L. Stevenson distingue, non obstante, nos enunciados morais un contido descritivo e un contido imperativo indefinido; este sería o propiamente moral.

Por exemplo, en «isto é bo» habería unha descrición e a suxestión a outra persoa para que opine tamén isto mesmo («eu apróbo e ti deberías tamén aprobalo»). A diferenza de Ayer, Stevenson sostén que o método científico ou empírico de verificación non é o adecuado para a ética.

Prescritivismo

Trátase da doutrina segundo a cal os enunciados éticos expresan **prescricións** ou **mandatos**, pero de tal natureza que permiten adoptar criterios de discusión sobre as argumentacións morais.

As normas éticas deben ser seguidas por todos os seres humanos na medida en que todos participamos dunha aceptación común dos valores que sosteñen a nosa vida en sociedade.

Por exemplo, «non roubarás» é un imperativo. Á pregunta de «por que?», respóndese que «hai que respectar as propiedades das demais persoas se queremos que se respecten as nosas». O respecto á propiedade allea é un valor que debe cumprirse en calquera ocasión e para calquera individuo.



Segundo o prescritivismo, os enunciados morais son mandatos que debemos cumprir porque garanten a nosa vida en sociedade.

Descritivismo

Oponse ao prescritivismo, pois considérase que o propiamente moral non é nin o prescritivo nin o universal. O moral é simplemente o regulado con normas por ser algo que se considera **vitalmente importante** ou fonte de conflitos internos ou causa de conflitos externos.

Segundo o descritivismo, os criterios polos que algo se chama «bo» dependen de calidades naturais, polo que se poden realizar analogías semánticas, por exemplo, entre «un bo reloxo» e «unha boa persoa».

2.4. A moral de Nietzsche e as éticas do coidado

A moral de Nietzsche

Unha das achegas principais do pensamento de Nietzsche é a crítica á moral tal como existe e tal como foi estruturada e fundamentada de xeito absoluto e dogmático na filosofía moral, especialmente durante a Modernidade.

Pero Nietzsche non pretende abolila e defender a amorabilidade ou a inmoralidade —como ás veces se pensou que fora a intención de Nietzsche—, senón que aspira a deseñar e a dar paso a unha nova moral.

A primeira característica desta nova moral é que **non se ten que concibir xa a si mesma como universal nin ha de pretender ser absoluta**, senón que ten que establecer a diferenza entre o bo e o malo en relación coa súa circunstancia histórica.

É dicir, a moral é unha parte da cultura, de maneira que houbo e hai tantas morais como culturas. E en cada cultura, a súa moral estivo sometida á evolución histórica pola que esa cultura foi cambiando.

Polo tanto, os conceptos de ben e mal non foron os mesmos en todas as épocas e en todos os lugares.

A filosofía en persoa



Friedrich Nietzsche (1844-1900) foi un filósofo alemán que critica a cultura occidental polo seu rexeitamento da vida. O cristianismo e a metafísica, cos seus ideais tramundanos, negaron a vida en favor de Deus e dunha vida ultrateírea. Nietzsche propón unha nova cultura baseada nunha comprensión da vida como xogo de forzas e do tempo como eterno retorno.

Por exemplo, practicar a vinganza ante unha afronta ou por unha aldraxe valorábase como unha acción moral segundo o criterio dalgunhas culturas antigas; non obstante, esa mesma conduta considérase inmoral noutros contextos e noutras épocas.

Polo tanto, **non hai valores en si**, nin un ben nin un mal incondicionados e formando parte da estrutura do ser.

Non hai ningunha moral emanada do mundo suprasensible que outorga ao ser humano a súa dignidade como persoa, senón que é o propio ser humano o que produce os valores e as normas; instáuaos o mesmo que produce o coñecemento, a arte ou a técnica.

O criterio máximo da análise filosófica da moral debe ser, pois, xulgar o valor dos valores dos preceptos morais con referencia ao uso, preguntándose pola súa conformidade ou non coas esixencias da vida, pois a validez dos valores ha de referirse ao seu carácter beneficioso ou prexudicial para a saúde, para o benestar e para a **intensificación do sentimento de vida**.

Dese modo, semellante xuízo sobre a validez dos valores morais ofrece en Nietzsche a forma dun diagnóstico, polo que el considera que a filosofía é a «medicina da cultura».


As éticas do coidado

A denominación «ética do coidado» pódese atribuír a Carol Gilligan, quen, á súa vez, inspirouse para as súas propostas morais no pensamento desenvolvido polo filósofo Lawrence Kohlberg na década de 1980.

O que se defende nesta ética é que calquera profesional que se dedica ao coidado doutras persoas ha de manter a súa integridade moral e ten que actuar de forma correcta.

Principalmente, débese respectar a autonomía das persoas que se han de coidar, así como os principios de xustiza, de confidencialidade e de fidelidade.

A filosofía en persoa








Carol Gilligan (1936) é unha psicóloga e filósofa feminista impulsora da ética do coidado. En contra da teoría do desenvolvemento moral de Kohlberg, Gilligan sostén que homes e mulleres teñen modos de razoamento moral diferentes. Así pois, as mulleres estarían máis preocupadas que os homes polo coidado e pola protección das demais persoas.

No noso país, figuras da filosofía como Fernando Savater ou como Adeja Cortina referíronse á ética do coidado no marco dunha concepción do ser humano como un ser que se relaciona con outros e, de distintas maneiras, interactúa con eles, polo que pode aumentar ou limitar as posibilidades de acción dos mesmos.

Esta capacidade implica o recoñecemento dunha responsabilidade mutua como fundamento desa ética do coidado, responsabilidade que se expresa do modo máis positivo no compromiso cara ás demais persoas que se materializa en accións de axuda.

Actividades

- 1 Sostén Kant que os xuízos de valor son consecuencia dunha definición previa do ben supremo? Por que se considera a ética kantiana unha ética formal?
- 2  **Antes pensaba..., agora penso...** En diferentes teorías filosóficas xustificouse a necesidade de comportarse moralmente co obxectivo de lograr a felicidade, para promover a utilidade, para alcanzar a salvación eterna ou polo simple cumprimento do deber. Que motivo dos que se mencionaron te convence máis e por que razón? Ocorréselle algunha outra razón que teña a capacidade de impulsar os seres humanos a comportarse moralmente?
- 3  **O espello.** Señala as diferenzas que, ao teu xuízo, hai entre o pracer, a alegría e a felicidade.
- 4 Está feito o ser humano para ser feliz? Expón e comenta algunhas razóns que apoiem a túa opinión.
- 5  **Mesa redonda.** Corresponde aos poderes públicos organizar a felicidade da cidadanía? É ese o sentido que, por exemplo, teñen as festas organizadas polas institucións públicas?
- 6  **Sumamos.** Pensastes nalgunha ocasión que a moral puidese ser simplemente unha estratexia que utilizaron ao longo da historia as clases poderosas para manipular e para dominar máis doadamente as persoas menos privilexiadas? Como imaxinades que sería unha sociedade na que non houbera unhas regras morais debidamente fundamentadas?
- 7  En grupos, elaborade un listado de profesións que estean relacionadas coas éticas do coidado. Que virtudes se requiren para dedicarse a estas profesións?

A deliberación moral

3.1. O debate arredor do relativismo moral e do multiculturalismo

Etnocentrismo e relativismo moral: un balance crítico

O **etnocentrismo** é a actitude que consiste en estimar os propios pobo, raza e cultura como a norma absoluta da civilización e, polo tanto, como o modelo para xulgar as demais civilizacións e culturas.

Xeralmente, o etnocentrismo conduce ao racismo e á xenofobia; ou sexa, ao rexeitamento e ao odio ás persoas de orixe estranxeira.

O etnocentrismo é un dos factores que xerou maior violencia na historia da humanidade e que continúa facéndoo no presente, pois o convencemento de que a propia cultura é a mellor induce a xustificar a súa imposición ás demais persoas, mesmo mediante a forza se é preciso.

Xa na Grecia clásica e na Roma antiga se utilizaba a palabra «bárbaros» para cualificar os pobos que non compartían a súa lingua e a súa civilización. Por esta razón, considerábanos moi inferiores desde o punto de vista cultural e próximos ao salvaxismo.

Glosario

Etnocentrismo: é a crenza e a actitude de considerar que o propio grupo cultural constitúe o patrón de medida para xulgar as demais culturas e sociedades. Esta actitude xera numerosos conflitos, aínda que ata certo punto é común a todas as sociedades, que se consideran a si mesmas o punto de referencia para as demais. As consecuencias máis negativas desta actitude son o racismo, a xenofobia e o etnocidio (o exterminio de grupos étnicos minoritarios).

Glosario

Relativismo: considerado en xeral, é unha proposta teórica na que se afirma que as verdades, as crenzas, os costumes..., non teñen validez universal; en definitiva, que son relativas a un marco de referencia concreto: serían válidas ou verdadeiras dependendo da época histórica (relativismo histórico), ou en relación cunha cultura (relativismo cultural). A vantaxe do relativismo é a súa defensa da tolerancia, aínda que pode provocar a incapacidade de criticar accións e costumes discutibles ante a imposibilidade de aplicar criterios alleos os da propia cultura.

Neste sentido, a palabra «civilización», como o oposto á barbarie, expresaba, nese momento, un xuízo de valor que permitía unha xerarquización das culturas desde o punto de vista intelectual, técnico, moral e social.

Támén na época contemporánea se contraponen os pobos primitivos e as sociedades civilizadas, aínda que neste caso esa distinción non necesariamente implicará un xuízo de valor.

O rexeitamento do etnocentrismo conduce a considerar que cada unha das diferentes culturas ten a súa **dignidade propia**, e que convén favorecer as particulares expresións de cada unha delas.

Todas as culturas xuntas son o patrón da humanidade, pois describen as múltiples maneiras mediante as que os seres humanos se adaptaron a condicións de vida moi diferentes. Recoñecer este feito libranos do racismo e da xenofobia.

Esta actitude non debe impedir, non obstante, a crítica e o rexeitamento a crenzas, a costumes e a prácticas que, nalgunhas culturas, maniféstanse como claramente inhumanas e degradantes.

Textualmente

«A actitude máis antiga e que repousa, sen dúbida, sobre fundamentos psicolóxicos sólidos, posto que tende a reaparecer en cada un de nós cando nos encontramos nunha situación inesperada, consiste en repudiar pura e simplemente as formas culturais que nos son estrañas (morais, relixiosas, sociais e estéticas) porque estean afastadas daquelas coas que nos identificamos. "Costumes salvaxes", "iso non acontece no noso país", "non debería permitirse iso", etc., e tantas reaccións groseiras que traducen ese mesmo calafrío, esa mesma repulsión en presenza de maneiras de vivir, de crer ou de pensar que nos son alleas. Deste xeito confundía a Antigüidade todo o que non participaba da cultura grega (despois grecorromana), co mesmo nome de bárbaro. A civilización occidental utilizou despois o termo "salvaxe" no mesmo sentido. [...] E salvaxe, que quere dicir "do bosque", evoca tamén un xénero de vida animal, por oposición á cultura humana. En ambos os dous casos rexeitamos admitir o mesmo feito da diversidade cultural; preferimos expulsar da cultura á natureza, todo o que non se conforma á norma segundo a cal vivimos.»

C. Lévi-Strauss, *Raza e cultura*, cap. 3.

- 1 Pon algúns exemplos deste etnocentrismo do que se trata no texto.
- 2 Que distincións establece Lévi-Strauss entre as nocións de salvaxe e de bárbaro?

O **relativismo moral** é, á vez, unha reivindicación da validez de calquera xuízo moral e unha reacción ante a intolerancia. Nesta doutrina insíste-se en que cada sociedade ou cada individuo ten uns hábitos e uns valores propios que están ben adaptados á súa forma de vida.

Os criterios e os estándares para xulgar os valores morais serían relativos a unha determinada forma de vida.

Dese modo, non poderíamos valorar nin xulgar os hábitos, os costumes e as crenzas doutras persoas ou doutras sociedades, xa que estaríamos a aplicar os nosos criterios á moral doutras persoas, ignorando que elas teñen os seus propios principios para valorar a súa cultura.

Ante esta grave dificultade, a actitude adecuada ante a diversidade de valores debería ser a **tolerancia** e o **respecto mutuo**.

Non obstante, o relativismo moral ten serias dificultades: que acontece con actos que vulneran os dereitos humanos? Non podemos xulgalos desde un punto de vista universal?

Este relativismo podería conducir á impotencia fronte a institucións e accións claramente contrarias a uns dereitos humanos universais.

Globalización e multiculturalismo

A globalización

A globalización actual baséase nos feitos seguintes:

- A intensificación, a escala mundial, dos intercambios económicos e financeiros entre países, sen barreiras que obstaculicen a libre circulación de bens e de capitais, que fan do mundo un mercado único.
- A expansión, a nivel planetario, das novas técnicas de comunicación e da información, que fan posible a comunicación instantánea entre os puntos máis distantes e remotos do planeta.

- O debilitamento dos estados nacionais e o auxe das estruturas políticas e económicas internacionais, que adquiren cada vez máis competencias nas decisións que afectan á cidadanía.
- A xeneralización de modelos de vida e de pensamento, que fan prevalecer por todas as partes os valores do capitalismo occidental.

Por estas razóns, a globalización conectou, de xeito masivo e a nivel mundial, pobos, linguas, dereitos, relixións e costumes moi diversos.

Esta conexión é o multiculturalismo, que representa un reto para a coexistencia de culturas heteroxéneas nunha mesma sociedade, as cales, sendo moi diversas, han de someterse a un mesmo ordenamento xurídico e político.

Este problema xa se formulara noutros momentos da historia, por exemplo, cando España descubriu e colonizou América, acabando coas culturas indíxenas orixinais do novo continente.

Na actualidade, os problemas xorden pola erosión das identidades particulares de cada cultura, as cales se ven ameazadas polas novidades que incorporan unhas doutras e pola necesidade de abrirse a un novo modelo conxunto de funcionamento social.

A defensa do multiculturalismo


Segundo o **multiculturalismo**, todas as culturas merecen un recoñecemento por parte das outras, pois incorporan unhas características únicas e auténticas que as fan valiosas como formas de expresión da diversidade e da creatividade humanas.

Ademais, unha falta de recoñecemento cara a unha forma cultural determinada supoñería unha negación do seu valor e unha discriminación dos individuos que forman parte da devandita cultura.

Glosario

Multiculturalismo: esta posición teórica foi desenvolvida sobre todo polo filósofo canadense Charles Taylor. É unha proposta na que se defende que todas as culturas merecen ser recoñecidas polas outras en tanto que expresan a diversidade e a riqueza da humanidade. Así pois, todas as culturas terían valor en si mesmas e serían únicas e respectables. Polo tanto, non podería haber un punto de vista universal que permitise valorar e xerarquizar as diferentes culturas. Non obstante, esta concepción en contra grandes dificultades para resolver os problemas que pode xerar a ausencia dunha moral que pretenda ser universal.

A filosofía en persoa



Charles Taylor (1931) é un filósofo canadense que destacou, entre outras cousas, pola súa defensa da multiculturalidade, pois considera que é posible a coexistencia pacífica entre diferentes culturas nunha mesma sociedade sen que os individuos pertencentes a elas teñan que perder as súas raíces, sempre que se recoñeza a multiplicidade de identidades culturais.

3 A deliberación moral

O obxectivo último que se aspira a lograr mediante o multiculturalismo é, polo tanto, o recoñecemento dun dereito á **diferenza cultural** e o respecto desta diferenza nos espazos públicos.

Non obstante, nas teorías sobre a diversidade cultural obsérvase certa tendencia ao que se denominou o «**prexuízo culturalista**» ou a «**concepción estática das culturas humanas**»: a partir desta visión considérase que as culturas humanas son compartimentos estancos e illados entre si.

Agora ben, en realidade, o cruzamento entre culturas, os préstamos, os intercambios e a síntese de fenómenos culturais desempeñaron un papel decisivo no desenvolvemento da historia da humanidade.

O interculturalismo

Fronte ao reto do relativismo e do multiculturalismo, desde o **interculturalismo** inténtase desenvolver o respecto activo da diversidade cultural e trátanse de superar as posibles dificultades derivadas do multiculturalismo (guetos, discriminación, incomunicación, insolidariedade fóra do grupo cultural...).

En termos xerais, a teoría da interculturalidade parte dunha actitude de respecto xeral a todas as tradicións culturais humanas como **formas de expresión da riqueza da humanidade**.

Principios básicos do interculturalismo

Principio de igualdade entre culturas	Todas as culturas son, en principio, igualmente respectables. Todas elas constitúen a expresión da creatividade humana.
Principio de autonomía individual	En calquera tradición cultural débese respectar a autonomía dos individuos. As persoas teñen que poder decidir en liberdade.
Principio de diálogo intercultural	En todas as culturas ha de ser posible o diálogo e o intercambio de coñecementos e de valores con outras formas culturais.
Principio de apertura das tradicións culturais	Unha cultura é máis rica canto máis aberta estea a coñecer as achegas doutras culturas e canto mellor as sintetice coas súas propias tradicións culturais.
Principio de dereito cosmopolita	En todas as culturas teríanse que respectar uns dereitos básicos universais sen limitacións por razón de xénero, de etnia, de clase social, de relixión, etc.

Textualmente

«Nun principio (un principio ideal, claro está), o capitalismo quedaba nos confíns do Estado-Nación e facía algo de comercio internacional (intercambios entre estados-nación soberanos); veu despois a fase da colonización, na que o país colonizador sometía e explotaba (económica, política e culturalmente) o país colonizado; a culminación deste proceso é o actual paradoxo da colonización: só quedan colonias e desapareceron os países colonizadores; o Estado-Nación xa non encarna o poder colonial, faino a empresa global. [...]

A forma ideolóxica ideal deste capitalismo global é o multiculturalismo: esa actitude que, desde unha oca posición *global*, trata todas e cada unha das culturas locais do xeito en que o colonizador adoita tratar os seus colonizados "autóctonos" cuxos costumes hai que coñecer e "respectar". A relación entre o vello colonialismo imperialista e a actual auto-colonización do capitalismo global é exactamente a mesma que a que existe entre o imperialismo cultural occidental e o multiculturalismo. Ao igual que o capitalismo global supón o paradoxo da colonización sen Estado-Nación colonizador, o multiculturalismo promove a eurocéntrica distancia e/ou respecto cara ás culturas locais non-europeas. Isto é, o multiculturalismo é unha

forma inconfesada, invertida, autorreferencial de racismo, un "racismo que mantén as distancias": "respecta" a identidade do Outro, concibeo como unha comunidade "auténtica" e pechada en si mesma respecto da cal el, o multiculturalista, mantén unha distancia asentada sobre o privilexio da súa posición universal. O multiculturalismo é un racismo que baleirou a súa propia posición de todo contido positivo (o multiculturalista non é directamente racista, por canto non contrapón ao Outro os valores particulares da súa cultura), pero, non obstante, mantén esa posición en canto privilexiado punto oco de universalidade desde o que se poden apreciar (ou desprezar) as outras culturas. O respecto multicultural pola especificidade do Outro non é senón a afirmación da propia superioridade».

S. Žižek, *A tolerancia represiva do multiculturalismo*.

- 1 Segundo comenta o autor do texto, cal é o erro de base do multiculturalismo?
- 2 Por que sinala Žižek que o multiculturalismo é un racismo «baleiro»?
- 3 Estás de acordo coa conclusión de Žižek exposta no texto? Como responderías a crítica que expón nel?

3.2. A busca dunha ética universal

O xuízo ético: a posibilidade dunha ética racional

Un **xuízo ético** é un acto de razoamento orientado á toma dunha decisión na que se pon en xogo algún tipo de valor moral. Moitas decisións que tomamos na vida cotiá presupoñen xuízos éticos, pois incorporan nocións como a xustiza ou a bondade dunha acción, ou a falta dela, ou ben implican unha posta en cuestión de relacións valiosas, como a amizade.

En calquera caso, no xuízo ético téñense en consideración os valores morais, de forma máis ou menos reflexiva, para apoiar e para xustificar unha decisión, na que tamén inflúen aspectos emocionais ou inconscientes.

Agora ben, se consideramos que a ética é a reflexión racional sobre hábitos, valores e costumes morais, os xuízos éticos deben aspirar a certa **validez obxectiva** e a determinado grao de **universalidade**.

Pola contra, os xuízos sobre cuestións morais serían simples expresións dos nosos gustos subxectivos e non poderían aspirar a ser compartidos por outras persoas; a súa validez limitariase a un contexto moi concreto e só reflectirían as nosas impresións persoais.

Por outra parte, o xuízo ético presupón unha facultade de xulgar que media entre a nosa racionalidade, capaz de recoñecer normas e valores compartidos (na nosa sociedade ou mesmo por toda a humanidade), e as situacións concretas nas que debemos tomar decisións inmediatas, das que temos unha información máis ou menos limitada.

Un exemplo de criterio para emitir un xuízo ético é o imperativo categórico de Kant, nas súas diversas formulacións.

Na segunda metade do século xx, o psicólogo estadounidense Lawrence Kohlberg propuxo unha teoría do desenvolvemento da conciencia moral. De acordo con ela, os individuos mostran diferentes niveis de reflexión moral segundo os tipos de xuízos éticos que emiten en determinadas situacións.

Esta concepción non significa que todas as persoas pasen polos distintos niveis do desenvolvemento nin que logren chegar á última etapa de conciencia moral, pero si que posibilita entender o desenvolvemento moral como un proceso de aprendizaxe.

Textualmente

«Hai que poder querer que unha máxima da nosa acción sexa lei universal: tal é o canon do xuízo moral desta, en xeral. Algunhas accións están de tal modo constituídas, que a súa máxima non pode ser sequer pensada, sen contradición, como lei natural universal, e moito menos se pode querer que deba selo. Noutras non se encontra, certamente, esa imposibilidade interna, pero é imposible querer que a súa máxima se eleve á universalidade dunha lei natural, porque tal vontade sería contraditoria consigo mesma».

I. Kant, *Fundamentación da metafísica dos costumes*, cap. 2.

- 1 Cal é o canon que ha de cumprir un xuízo moral?
- 2 Podes poñer algún exemplo de xuízo moral que cumpra o criterio que propón Kant?

Nivel	Etapas	Criterio do xuízo ético
Nivel preconvencional	Heteronomía (normas impostas)	Medo ao castigo e obediencia: xúlgase o correcto por medo a quebrantar unha norma e por medo á sanción.
	Individualismo (orientación instrumental)	Interese e necesidades particulares: xúlgase como bo aquilo que me permite satisfacer as miñas necesidades. A lei é un instrumento máis.
Nivel convencional	Conformidade co grupo	Conformidade e expectativas: considérase correcto o que permite a miña aceptación no grupo. É necesario satisfacer as expectativas.
	Sistema social e legalidade	Orde social e benestar: o xusto é manter a orde social e o benestar común. O importante é contribuir á sociedade.
Nivel posconvencional	Contrato social e dereitos básicos	Dereitos fundamentais e lexitimidade: o xuízo ético baséase en dereitos individuais previos ao sistema legal. Prioridade do dereito sobre a lei.
	Principios éticos	Universalidade dos principios e dos valores éticos: toda a humanidade debería recoñecer certos principios como valores superiores a calquera lei ou acordo.

3 A deliberación moral

Ética e diálogo: ética do discurso

Mediante a ética do discurso, Jürgen Habermas e Karl-Otto Apel intentan superar a dificultade de fundamentar a universalidade dos xuízos éticos na conciencia moral individual, como no caso do imperativo categórico de Kant.

Habermas propón que a devandita aspiración á universalidade do xuízo ético pódese lograr partindo da racionalidade inscrita na comunicación (**razón comunicativa**). Así pois, a ética do discurso consiste en pasar do «eu» da conciencia moral ao «nós» da actividade discursiva do diálogo.

A validez dos xuízos éticos consistirá non tanto no seu contido particular como na súa estrutura racional. O lugar do imperativo categórico kantiano ocúpao na ética do discurso o procedemento da argumentación moral.

Segundo Habermas, a universalidade dos xuízos éticos válidos xorde dun **consenso** que é o resultado dun diálogo que cumpre certas condicións e principios. As condicións do procedemento discursivo válido serían as seguintes:

- O **carácter público e aberto** da discusión, evitando o secretismo e a exclusión de calquera participante con interese en tomar parte nela.
- A aspiración compartida a encontrar un **consenso**, e a revisar e a renunciar a intereses particulares. A veracidade e a honestidade de calquera participante é fundamental para que o discurso sexa válido.
- A **revisión** dos acordos que se obteñen mediante o diálogo, sen limitalo, aceptando a posibilidade de que se produzan erros e fallos na argumentación ou nas conclusións.
- A liberdade de **crítica**, de modo que non habería posicións nin interese inmunes á confrontación argumentada e racional.
- A **non coacción** entre os que participan no diálogo: a ausencia de ameazas para garantir o carácter igualitario e a liberdade (autonomía) de calquera participante.



A filosofía en persoa

Jürgen Habermas (1929) é un filósofo alemán que cuestiona se sería posible unha teoría crítica capaz de explicitar as regras pragmáticas dos procesos de constitución individual e social que desen conta da súa racionalidade. Intenta reconciliar o problema da racionalidade coa preocupación pola clarificación da acción social.

Ademais destas condicións xerais do discurso, hai dous principios básicos que debería cumprir calquera norma ou xuízo éticos resultantes dun consenso válido:

- Principio de **universalización** (U): son válidos os xuízos e as normas cuxos resultados e cuxas consecuencias poidan ser aceptados por todas as persoas sen coacción ningunha.
- Principio do **discurso** (D): son válidas aquelas normas que poden contar co asentimento de todas as persoas ás que afectan como participantes no discurso.

Segundo Habermas, o principio de universalización (U) quedaría subsumido dentro do principio do discurso (D).

En resumo, na ética do discurso recóllese o carácter formal e universalista da ética kantiana, pero abandonando o paradigma da conciencia e defendendo a posibilidade de fundamentar unha ética universal na **racionalidade da linguaxe (razón comunicativa)**.

A ética do discurso de Habermas é unha alternativa ao multiculturalismo de Charles Taylor, centrado nos valores particulares de cada comunidade cultural, e ao liberalismo neocontractualista da «posición orixinal» e do «veo da ignorancia» de John Rawls, centrado nun suxeito capaz de abstraerse do seu contexto.

Textualmente

«[Na ética do discurso] o imperativo categórico queda rebaixado a un principio de universalización "U", que adopta nos discursos prácticos o papel dunha regra de argumentación: no caso de normas válidas, os resultados e consecuencias laterais que, para a satisfacción dos intereses de cada un, previsiblemente se sigan da observancia xeral da norma teñen que poder ser aceptados sen coacción ningunha por todos. Finalmente, chamamos universalista a unha ética que afirma que este principio moral (ou outro similar) non só expresa as intuicións dunha determinada cultura ou dunha determinada época, senón que ten unha validez xeral. Só unha fundamentación do principio moral que, polo tanto, non se limite a recorrer a un *factum* da razón pode desmentir a sospeita de non se tratar doutra cousa que dunha falacia etnocéntrica. Hai que poder demostrar que o noso principio moral non se limita a reflectir os prexuízos dos actuais europeos adultos, brancos, varóns e provenientes das capas burguesas».

J. Habermas, *Aclaracións á ética do discurso*.

- 1 En que consiste o principio de universalización da ética do discurso?
- 2 Segundo Habermas, que é unha ética universalista?
- 3 Explica a «falacia etnocéntrica» que pretende evitar Habermas mediante a ética do discurso.

Cara a unha ética universal de mínimos: felicidade e xustiza

A ética de mínimos foi proposta por Adela Cortina. Esta ética mínima parte da reconsideración do obxectivo da ética: esta non pode aspirar a definir a felicidade e a establecer os medios de obtela, senón a buscar uns principios mínimos de xustiza sen os cales non se pode desenvolver unha «vida boa».

A felicidade sería o obxectivo das éticas eudemonistas no pasado, pero na actualidade o dito propósito quedaría fóra do alcance da filosofía.

No seu lugar, a ética habería de definir cales son os principios mínimos de xustiza social necesarios para que cada individuo poida realizar **o seu proxecto vital particular** e perseguir **o seu ideal de felicidade**.


Esta ética de mínimos parte tamén dunha ética centrada no diálogo como procedemento que nos permite lograr un consenso acerca deses mínimos de xustiza. Este consenso debería cumprir certas condicións:

- A racionalidade: que remite á xustificación e ao sentido da argumentación.
- A universalidade: que consiste no carácter xeneralizable dos intereses representados.
- A revisabilidade ou a veracidade.
- A honestidade das posicións participantes: que se comprometen a manter as promesas, que han de alcanzarse sen coaccións.

Ademais, a aspiración á universalidade da ética de mínimos vai acompañada da esixencia dunha **cidadanía cosmopolita**.

Esta concepción da cidadanía supón unha visión intercultural dos dereitos individuais: todo ser humano gozaría deles independentemente da súa nacionalidade, do seu grupo étnico ou da súa relixión.

A filosofía en persoa



Adela Cortina (1947) é unha filósofa española dedicada especialmente á ética e, en particular, ás éticas aplicadas. O seu pensamento oríentase cara a unha ética de mínimos, que remite á teoría da xustiza e á ética dialóxica. Tamén se ocupou de temas como a ética empresarial, a xustiza económica ou a teoría da cidadanía. Acuñou o termo «aporofobia».

Textualmente

«Partir destes mínimos de xustiza, compartidos por distintos Estados, partir do que xa teñen en común as diferentes culturas, os diferentes credos relixiosos, sería un bo camiño para construír esa paz duradeira soñada desde moito antes de que nacesen os proxectos ilustrados de paz.

Non obstante, e aínda concedendo toda a importancia que poida ter á diferenza cultural, quixera deixar constancia de que os grandes conflitos e as dificultades de construír tanto unha cidadanía política como unha cidadanía multicultural seguen tendo tamén na súa raíz, e con gran forza, as desigualdades económicas e sociais. A pesar do empeño por asegurar que os grandes problemas sociais son hoxe o racismo e a xenofobia, segue sendo certo que o maior deles é a aporofobia, o odio ao pobre, ao débil, ao necesitado. Non son os estranxeiros sen máis, os diferentes (que somos todos), os que espertan animadversión, senón os débiles, os pobres. [...]

Poderíamos dicir, polo tanto, que o recoñecemento da cidadanía social é *conditio sine qua non* na construción dunha cidadanía cosmopolita que, por ser xusta, faga sentirse e saber a todos os homes cidadáns do mundo».

A. Cortina, *Cidadáns do mundo. Cara a unha teoría da cidadanía*, Epílogo.

- 1 En que consiste a aporofobia, segundo o texto? Estás de acordo con que é o maior problema social? Razoa a túa resposta.
- 2 Que relación establece a autora entre cidadanía social e cidadanía cosmopolita? Como xustifica esta relación?

Actividades

- 1 **O espello.** Sinala as diferenzas entre o etnocentrismo e o multiculturalismo.
- 2 Que vantaxes e que inconvenientes lle encontras á proposta do interculturalismo?
- 3 Credes que é posible chegar a un consenso seguindo as normas do discurso válido propostas por Habermas? Buscade un exemplo dalgún debate público sobre algún problema político, social ou económico e comprobade se se seguiron esas normas.
- 4 Por que vincula Adela Cortina na súa ética mínima a felicidade individual á consecución dun grao mínimo de xustiza social?